

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

A proba constará de catro exercicios nos que se valorará a capacidade de comprensión auditiva, de entoación, de realización rítmica e lectura de notas dos alumnos, así como os seus coñecementos teórico-prácticos. Versará sobre os contidos de cursos anteriores ao que se accede, incluíndo tanto os de Linguaxe Musical como os de Educación Auditiva e Vocal. Estes contidos pódense consultar nas programacións correspondentes.

Esta proba divídese en catro partes:

1. Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, que inclúa cambio de compás con distintos tipos de equivalencia. Esta proba realizarase a primeira vista.
2. Repentización dun exercicio de entoación. Entoación dunha melodía en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie, pero que non dobre a melodía, que inclúa os contidos dos cursos anteriores aos que pretende acceder. Queda a discreción do tribunal darlle algún son en caso de que perda a referencia tonal. Esta proba realizarase a primeira vista.
3. Proba escrita onde se avalíen os coñecementos teóricos, propios de todos os cursos anteriores aos que se pretenda acceder.
4. Proba auditiva. Incluirá dúas partes: Unha serie de exercicios auditivos sobre os contidos dos cursos anteriores ao que se pretende acceder: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, ditado rítmico, ditado melódico.

A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico (a unha voz), facilitándose a pulsación, o La de referencia e os graos tonais da tonalidade correspondente (deberá pescudar a tonalidade e compás). Antes de comezar o ditado, o alumno escoitará o La 440, o esquema harmónico I-IV-V-I da tonalidade do ditado e o pulso. Escoitarase o exercicio enteiro para deducir o compás e logo por fragmentos. Tocarase 4 veces cada fragmento. Entre fragmento e fragmento, tocaranse os enlaces. Finalmente tocarase o exercicio enteiro de novo.

Nas probas teóricas e auditivas, o alumno terá 10 minutos aproximadamente para a preparación para cada un dos exercicios, nestes 10 minutos os alumnos non poderán utilizar ningún instrumento, pero si a utilización do diapasón.